


DÍA DAS TERRAS GALEGAS



Xosé María Álvarez Blázquez





As achegas de Álvarez Blázquez á literatura infantil e xuvenil



Nunha xira, no curuto do monte Aloia en 1945

Marta Neira Rodríguez

O polifacético autor homenaxeado no Día das Letras Galegas neste ano 2008, Xosé María Álvarez Blázquez (Tui, 1915-Vigo, 1985), achegouse tamén á Literatura Infantil e Xuvenil (LIX), como ben ten estudado a investigadora Blanca-Ana Roig no artigo “Xosé María Álvarez Blázquez e a Literatura Infantil e Xuvenil galega”, recollido no volume Xosé María Álvarez Blázquez (2008) que publicou o Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela. Fíxoo fundamentalmente co poemario *Roseira do teu mencer* (1949-1950), dirixido aos máis novos aínda que publicado nun primeiro momento nunha colección non dirixida especificamente á nenez.

A produción dirixida ás bandas de idade máis baixas era moi reducida

Trátase dun poemario que sacou a lume a pioneira editorial Monterrey en 1950, nun período, 1950-1968, que a investigadora citada ten denominado “Dos Inicios e Transición da LIX galega” e no que a produción dirixida ás bandas de idade máis baixas era moi reducida debido, principalmente, á inexistencia, por circunstancias socio-político-culturais, dun lectorado novo en lingua galega.

Roseira do teu mencer, que nesta primeira edición contou coas ilustracións de Xohán Ledo, reúne vinte poemas que, con motivo do nacemento en 1948 de María Luísa, a primeira filla de Álvarez Blázquez, e do primeiro ano deste como pai, o autor escribiu ao longo dos anos 1949-1950.

Trátase dun conxunto de poemas cuxa destinataria é “Colorín”, nome co que Xosé María Álvarez Blázquez, así como a súa familia e amigos máis achegados se referían familiarmente á primoxénita pola gracia que lle causaran as “tres cores da cara da neniña: o cabelo loiro, os ollos moi azuis, as fazulas vermellas”. O poemario, pasados os anos e falecido xa o autor, viu unha nova edición en 1992 da man de Xosé María Al-

várez Cáccamo e de Edicións Xerais de Galicia, concretamente na colección “Merlín”, dirixida a lectores de 7 anos en diante. Nesta ocasión, aos vinte poemas da anterior edición, engádense seis máis que, malia non pertencer ao poemario, polo ton

empregado, polos recursos e polo seu contido se enmarcan perfectamente no conxunto da obra.

Ilustrado agora por Manuel Uhía, o volume presenta un apartado propio da colección “Merlín”, “Cando o autor fala de si”, no que Álvarez Cáccamo explica as razóns do título do poemario, dá conta dos sentimentos de seu pai co nacemento de “Colorín” e comenta o contido da obra.

No ano 2008, con motivo do ano de Xosé María Álvarez Blázquez, *Roseira do teu mencer* reeditouse na mesma colección de Edicións Xerais de Galicia, neste ocasión, para un lectorado de 11 anos en diante.

Trátase dunha nova edición na que se eliminaron os poemas engadidos á do ano 1992 e na que os textos aparecen adaptados á normativa lingüística actual.

É unha nova entrega da obra que presenta como colofón varios textos da autoría de Darío Xohan Cabana e Manuel Bragado nos que, respectivamente, estes críticos se achegan á biografía e á cronoloxía do autor homenaxeado. Tamén volven a reproducirse as verbas de Xosé María Álvarez Cáccamo tomadas do apartado “Cando o autor fala de si” da edición do ano 1992.

En febreiro deste ano 2008 tamén veu a lume, na editorial pontevedresa OQO Editora, O que ben che quer, un novo volume que toma o título dun dos po-

Roseira do teu mencer reúne vinte poemas que (...) o autor escribiu ao longo de 1949 e 1950

emas de *Roseira do teu mencer*. Nesta ocasión Xosé María e Berta Álvarez Cáccamo, fillos do homenaxeado, dan ao prelo, ademais dos sete poemas xa recollidos en *Roseira*, catro novos poemas de seu pai pertencentes á serie dedicada a “Colorín” e inéditos até o momento.

Trátase dunha especie de homenaxe á falecida María Luísa (a primoxénita de Álvarez Blázquez faleceu aos 22 anos), tanto do pai como dos seus irmáns, que semella querer ampliarse, como sinalou a profesora Roig Rechou no artigo citado, “a todos os nenos e nenas que estades a entrar por debaixo da porta deste libro”.

Tanto nas diferentes edicións de *Roseira do teu mencer* como n’O que ben che quer recóllese un conxunto de poemas cheos de tenrura que percorren as actividades diarias infantís ás que os pais, neste caso Álvarez Blázquez, e outros mediadores se teñen que enfrontar: pranto, medo dos máis novos, paseos en contacto coa natureza e os seus resultados, aprender á andar, ausencia do sono...

Roseira do teu mencer

Era un airiño suave que se ergueu pola mañán e viña de non se sabe.

Era un arrecendo de rosas da rasoeira de ningures, que se meteu pola porta.

Era unha cantiga leda que nacía non sei onde e petaba pola fiestra.

Era unha gracia sutil que baixaba das estrelas... Eras ti!

Ao ver que non tiñas nome maxinamos que serías

ventureriña do monte.

Froleciña ventureira que -ao millor- naceu co orballo nunha luzada de estrelas.

Como andabamos a rir -ventureiriña do monte- chamámoste “Colorín”.

O sol polas eiras, o orballono prado, a gracia de Dios no ares prendida, e ti pequeniña.

Nos ares prendida, naiauga da fonte, nas follas do souto, nas herbas froidas, e ti, pequeniña.

Nas herbas froidas a gracia de Dios, a voz dos paxaros nos ares prendida, e ti pequeniña

Ai!, nena, quen fora paxariño louro da túa gaiola.

Ao nacer o día eu faría a estrena da túa ledicia.

Ai!, que dera a entramos un tempo sen tempo de trescentos anos Ai!, quen dera, filla, o engado do freire maila paxariña

(...)



Nestes poemas descóbrese a un pai que se dirixe á pequena “Colorín” e que a acompaña nos primeiros pasos.

Un pai, coma moitos outros, que ao mesmo tempo quere compartir

Nestes poemas descóbrese a un pai que se dirixe á pequena “Colorín”

as súas vivencias e emocións.

Ao mesmo tempo, tamén se presenta á nena en íntima relación e comunicación coa natureza, cos animais, cos seus xoguetes e xogos compartidos; unha relación observada polo pai, da que, en ocasións, se fai partícipe á nai.

Xosé María Álvarez Blázquez xoga, en moitas ocasións, en todas estas composicións con recursos característicos da poesía de transmisión oral como poden ser as reiteracións, os paralelismos, as enumeracións, a presenza do

refrán, a abundancia de exclamacións e interrogacións, etc.

Así mesmo, é frecuente nelas tamén o emprego de recursos tomados da lírica medieval, como é ben sabido, obxecto de estudo que centrou grande interese por parte do autor nado en Tui, e a presenza de poemas neotrobadorescos.

Malia o dito, tanto en Roseira do teu mencer como en O que ben che quer, hai exemplos de composicións nas que está presente outro tipo de linguaxe poética máis abstracta que podería ser a causa que

motivou aos responsábeis da edición de 2008 a situar a obra para un tipo de lectorado de maior idade.

É frecuente nelas tamén o emprego de recursos tomados da lírica medieval

Trátase en resumo de textos nos que se observa un xogo coa linguaxe e co humor que están moi en sintonía coa función lúdica da poesía, coa intención de divertir á nena á que están dedicadas as diferentes composicións, aínda que non só a ela, pois a diversión esténdese a todo aquel pequeño que as escoita ou le.

Grazas ao ritmo, ás aliteracións, ás anáforas, estes poemas son, en definitiva, verdadeiras cancións de roda, versos para cantar, para bailar, para durmir, para xogar.

Apuntes bibliográficos sobre Xosé María Álvarez Blázquez



“Vida e obra de Xosé María Álvarez Blázquez-Escolma de textos”, Carlos López Bernárdez (Editorial Galaxia)



“Roseira do teu mencer”, XMAB Epílogo biográfico de Darío Xohán Cabana - Ilustracións de Manolo Uhía (Xerais)



“A pega rabilonga/Os ruíns”, XMAB Limiar de Alfonso Álvarez Cáccamo (Editorial Galaxia)



“Xosé María Álvarez Blázquez na súa canle secreta”, Henrique Rabuñal (Editorial Laiovento)



“Canle segredo” - XMAB - Presentación de Xosé María Álvarez Cáccamo (Editorial Galaxia)



“Poesía galega completa”, XMAB Limiar e edición de Xavier Rodríguez Baixeras (Xerais - Colección Clásicos)



“Xosé María Álvarez Blázquez 1915-1985”, Clodio González Pérez (Editorial Toxosoutos)



“Xosé María Álvarez Blázquez, Vida e obra”, Darío Xohán Cabana (Xerais)